



COLOREA GALICIA:
ENTRÓIDO





O Entroido é o ritual máis importante do ano onde o principal é participar nos seus ritos ancestrais: de paso, de cortexo, esconxuradores, de rivalidade, de comensalidade, fertilidade, burlescos, etc.

É unha celebración que marca o fin do inverno e o comezo da primavera. Tamén chamado Antroido, Entruido, Entrudo, Entrudio, Entroiro, Introido, etc.

O Entroido galego é dos máis antigos da península ibérica, hai aspectos do Entroido que xa se perderon, outros ritos que están en proceso de recuperación e hainos de nova creación.

É ademáis un fenómeno social onde participa toda a comunidade, con finalidade rexenerativa e de reforzo social: fanse visitas a outras aldeas, banquetes comunais, comidas familiares, etc.

O ciclo do entroido, días especiais

As datas fundamentais, por orde, son:

- 1. Domingo fareleiro**
- 2. Domingo oleiro**
- 3. Xoves de compadres**
- 4. Domingo corredoiro**
- 5. Xoves de comadres**
- 6. Domingo de Entroido**
- 7. Luns de Entroido**
- 8. Martes de Entroido**
- 9. Mércores de cinza**
- 10. Domingo de piñata**

- O domingo, o luns e o martes de entroido son os tres días grandes desta festividade. Son momentos de celebración nos que saen as máscaras, onde se percorren as casas da aldea...

- O mércores de cinza, festéxase o rito de clausura do Entroido co enterro da sardiña, Ravachol, mecos, etc.


- En case 200 municipios teñen tres días festivos: o Luns e Martes de Entroido máis o Mércores de Cinza.



A Coruña



- **Xenerais da Ulla, Boqueixón**
- **Xenerais da Ulla, Teo**
- **Xenerais da Ulla, Santiago de Compostela**
- **Xenerais da Ulla, Touro**
- **Entroido de Samede**
- **Exército dos panos en Mazaricos**
- **Choqueiros de A Coruña**
- **Os madamitos e Ghuardineros de Malpica**



Xenerais da Ulla

Ten lugar na comarca do Ulla en concreto:

Boqueixón, A Estrada, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces. Fan o ritual do enfrentamento entre dúas aldeas veciñas. As roupas poden estar inspiradas no exército napoleónico.

Os grandes protagonistas son:

a tropa ou exército (Abandeirado/a, centinela, correo e xeneral), a comparsa (coro de bonitos e bonitas, coro de vellos e vellas) e a parranda.

O Xeneral



Os choqueiros, A Coruña

A figura dos Choqueiros máis coñecida, está en A Coruña, orixinaria do barrio da Torre.

É un disfraz moi libre, a xente vístese con roupa vella, normalmente tapando a cara para que ninguén os recoñeza e métese cos veciños polos rueiros.

En Galicia hai personaxes xenéricos deste tipo: vellos, entroidos, fargalleiros, chocalleiros, peliqueiros, mascaritas...




Entroido de Samede

As personaxes máis importantes son: máscaras, carolos e vixigueiros. Samede está na parroquia de San Xulián de Vigo en Paderne, A Coruña. O seu Entroido está totalmente recuperado, tanto as máscaras coma os rituais. As máscaras van a cara descuberta, son varias parellas que realizan a danza da muiñeira cruzada.



- Os volantes e Maragatos do Entroido
Ribeirao de Santiago de Arriba - Chantada
- O Oso de Salcedo, Pobra do Brollón.
- Domingo de Piñata en Lourenzá



Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba Chantada, Lugo:

Algunhas personaxes do Entroido Ribeirao son: os volantes, os maragatos ou peliqueiros, os mecos. A máscara do volante ten moito peso, levar algunhas máscaras galegas é todo un sacrificio máis cercano a unha ofrenda. As máscaras deste tipo: moi vistosas, con fitas de cores, adornos florais, vestidos brancos, etc. evocan á natureza florida, anuncian o ciclo da primavera.

Volantes



Maragatos



O maragato representa un animal, representar diferentes animais é típico de moitos entroidos. O entroido marca o fin dun ciclo, é unha época de cambio e de aí esa transformación e animalidade, trátase dunha época de transgresión e catarse.



O Oso de Salcedo, concello da Pobra do Brollón, Lugo.

Os osos existen nos entroidos de toda Europa, normalmente os osos son gobernados por outra persoa pero en Salcedo quen goberna é o oso. A máscara percorre as rúas e corredoiras de Salcedo na compañía de "criados", asustando ós viandantes, ós que intentan mancharlles coas poutas cheas de feluxe.



Ourense

- **A Pita das Eiroás - Ourense**
- **As Bonitas, as avurtadas e Oso de Sande**
- **Galos de San Pedro da Mezquita**
- **Troteiros de Bande**
- **Follateiros de Lobios**
- **Felos de Maceda**
- **Pantallas de Xinzo**
- **O Vergalleiro de Sarreaus**
- **Cigarróns de Verín**
- **Peliqueiros de Laza**
- **Antroido de Matamá**
- **Vellarróns de Riós**
- **Boteiros e Fulión de Vilariño de Conso**
- **Boteiros e Fulión de Viana do Bolo**
- **Puchos de Buxán - O Bolo**



- Máscaras e Fulión de Manzaneda
- Charrelos e Bois da Veiga
- Anxeos de Parada de Sil
- Zarramoncalleiros de Cualedro
- Máscaras da Xironda
- Peliqueiros e Parrafóns de Campobeceros
- Farrapóns de Pentes - A Gudiña
- Chocalleiros de Vilardevós
- Madamitas e Madamitos de Entrimo
- As Charrúas de Allaríz
- Felos e Madamas de Esgos
- Cabreiros de Muíños
- Gárgolas de Celanova
- Labardeiros e Señoritas de Mugares - Toén
- Meco das Teixugueiras




- **Toro e Xigante de Celavente**
- **Rei de Covelo**
- **Felos de Feás**
- **Irrio de Castro Caldelas**
- **a Marela de Maceda**
- **a Morena de Laza**
- **a Mula de Viana do Bolo**
- **Felos de Boborás**



A Pita das Eiroás, Cudeiro, Ourense

Trátase dun entroido urbano de nova creación inspirado na Voda da Pita, a unión de Gumersinda Benavides e Antonio Guimarey na que non convidaron a xente do barrio. Os veciños fixéronlle unha encerrada ou cornetada que deu lugar ó nacemento desta tradición.



Entroido de Sande no concello de Cartelle, Ourense

As personaxes principais do seu Entroido: as Bonitas, as avurtadas, os mecos, o oso e a vaca. En Sande o primeiro que fan é preparar os MECOS: bonecos de palla e roupa vella que colocan por toda a vila anunciando a chegada do entroido. As bonitas saen varios días percorrendo os rueiros da aldea e o sábado fan a caza simbólica do oso.

Bonita de Sande



Galos de San Pedro da Mezquita, en Merca, Ourense

Trátase dunha máscara recuperada. Sempre levan a cara tapada cun antiface e cunha colorida máscara con forma de galo. O seu traxe está decorado con sete pañoletas e adornado con xoias moi vistosas para chamar a atención.



Troteiros de Bande, Ourense

A figura do troteiro tamén se recuperou fai uns anos. Troteiro vén de trouleo ou trote polas rúas e polos camiños. Levaban unha vara e corrían polos camiños meténdose coa xente. Antigamente eran mozos solteiros e o que facían era “faldrear” as rapazas, significa levantarlle a saia ás rapazas. No Entroido aproveitábase para facer rituais de cortexo.



Follateiros de Lobios, Ourense

A figura do Follateiro é unha figura recuperada en Lobios dunha tradición das Terras do Xurés galegas. Actualmente levan unha máscara con moita máis elaboración, consiste en cubrirse con follas de millo secas e adornar cos seus grans e mazorcas a máscara e outros elementos.



Pantallas de Xinzo, Xinzo de Limia, Ourense

En Xinzo teñen unha das programacións máis longas de Galicia. Empeza o Domingo Fareleiro e remata o Domingo de Piñata.

As pantallas móvense ó son das súas campaiñas ou esquilas, marcando un ritmo enérxico, co seu son afastan os malos e perigosos espíritos.



O Vergalleiro de Sarreaus, Ourense

Os Vergalleiros tocan o corno. A todos estes seres que amosamos que camiñan de xeito estrano, que avanzan a saltos, trotan, corren, botan ou danzan e que non falan, chámamlle: **OFICIENTES**. Visitan as casas, asustan á xente, pegan e manchan, etc.



Cigarróns de Verín, Ourense

Combinan elementos dos animais e das personas, elementos tanto femininos coma masculinos, son máscaras andróxenas. Non falan e levan chocas de ferro. O Cigarrón camiña sempre choutando as chocas, batendo coa zamarra ou traia a quen se cruza no seu camiño. Como recordatorio, por se ides a velos, non se lles pode tocar nin meterse no seu camiño. Non se trata dun disfraz de carnaval, senón dun ritual do Entroido.



Peliqueiros de Laza, Ourense

Actualmente a única diferenca co Cigarrón é que leva unha pelica de animal colgada por detrás da máscara. Desta pelica venlle o nome de peliqueiro. É un dos entroidos máis famosos. A festa comeza o Venres de Folión ou fulión, o Peliqueiro vai abrindo o fulión que é unha comitiva de veciños que van tocando grandes bombos polas rúas das aldeas.



Felos de Maceda, Ourense

Visten parecido aos cigarróns e peliqueiros pero levan medias negras en vez de brancas, levan botas en vez de zapatos, un bastón en vez da zamarra e o seu atavío é algo máis rústico.

O máis importante é que o seu comportamento é diferente, burlesco, entran nas casas e fan trasnadas, creando o caos na aldea. O ruído das chocas como elemento para espantar a quen se meta con eles e van co bastón na man, que usa de forma intimidatoria.



Vellarróns de Riós, Ourense

Os vellarróns levan unha carauta de cartón duro, onde resaltan un fiado nariz con bigote e barba feitos de la de ovella de cor negra.

O vellarrón fai soar as campás do cinto e van zorregando co farrampo. A xente dilles: "¡Vello, vello, vellarrón, mete os cartos no bolsón!"



Boteiros e Fulión de Vilariño de Conso, Ourense


O de Vilariño de Conso é un dos entroidos de máis interese. O Boteiro dirixe o Fulión. En cada aldea do termo municipal existe un fulión e uns boteiros corren e saltan ao seu son e con diferentes tipos de máscaras segundo a localidade da que procedan. Non todos os boteiros fan o mesmo, por exemplo na aldea de Mormentelos os boteiros fan unha danza.



Os Folións ou Fulións

Un folión, ou fulión, é unha comitiva de veciños formada durante o Entroido, nas comarcas de Viana, Terra de Trives e Valdeorras e organízanse para percorrer as aldeas da comarca.

Cada fulión fai o seu ritmo, recoñécense polo son. Cando visitan a outra aldea, esa aldea ten que devolverlles a visita. Marchan ao ritmo da percusión de enormes tambores de entroido e de diversas ferramentas de traballo: gadañas, fouces, martelos e sachos. Nalgúns lugares, como Vilariño de Conso e Manzaneda, empréganse tamén as cornas, trompetas e cornetas de metal. Os foliós, van acompañados polos boteiros ou mázcaras propias da zona, encargadas de abrírlle o paso ao fulión e velan porque se desenvolva o rito.



Boteiros e Fulión de Viana do Bolo, Ourense

O Boteiro trota para facer soar as esquilas ou dar saltos apoiados na monca para amosar a súa forza e habilidade. O seu aspecto vistoso, a súa enorme pantalla de gran peso, os seus saltos e piruetas, etc. fan que esta figura non pase desapercibida, converténdose na protagonista indiscutible do seu entroido. Mentras fan o seu ritual non se lles debe molestar.



Puchos de Buxán, Viana do Bolo, Ourense

Levan un sombreiro cónico típico dos entroidos. É un capuchón que ten no centro unha boneca, cintas de cores larguísimas que colgan ata os xeonllos, tamén levan elementos femininos e masculinos. Nunha man levan unha espada e na outra un bolso de muller. Tamén fan unha especie de danza.



Máscaras e Fulión de Manzaneda, Ourense

Esta máscara vai a cara descuberta. Eles abren o fulián do percorrido polas aldeas mentras, executan unha danza rotacional moi interesante. Acompañan aos fuliáns polas aldeas da comarca mentres danzan.



Charrelos e Bois da Veiga, Ourense

O charrelo simboliza o espírito máis ancestral desta tradición, leva unha máscara de madeira e un traxe feito a man moi colorido. Recuperouse fai uns anos, tamén se están recuperando dúas figuras que o acompañan. Representan o ritual de bendecir os cultivos para a primavera.



A Baixada da Marela de Maceda, Ourense

É un rito novo que vén dunha tradición recuperada a partir dunhas vacas de madeira que había nas aldeas de Pías e Baldrei. Baixan os carros presididos pola Marela polas rúas ata o centro da vila ca animación de charangas. Os participantes portan fariña, lume e caretas con cornos. Son moitos os que tratan de esquivar a arremetida da vaca de madeira.



◆ . ◆ . Pontevedra . ◆ . ◆

- O Merdeiro de Vigo
- Madamas e Galáns de Cobres - Vilaboa
- Cacharelos de Lalín
- Xenerais da Ulla, Silleda
- Xenerais da Ulla, Vila de Cruces
- Xenerais da Ulla, A Estrada
- Os Labregos de Marcón
- Damas e Ghaláns de Nerga
- Entroido do Hío
- Choqueiros e festival de comparsas, O Grove



Madamas e Galáns de Cobres en Vilaboa, Pontevedra

As Madamas e os Galáns non levan mascara, o máis rechamante son os sombreiros. Son personaxes elegantes. A madama é a protagonista e o galán é o acompañante. Antigamente a madama era unha moza solteira que realizaba un rito de paso. A familia conseguía colares de ouro que representaban o poder desa casa. Os galáns tiñan que pedir permiso á familia para saír coa madama no Entroido. Percorren os distintos lugares das súas parroquias acompañados por outros personaxes e unha charanga, agasallando aos presentes coa popular Danza de Cobres.



O Merdeiro de Vigo, Pontevedra

O Merdeiro é unha figura que se recuperou fai anos. É un personaxe molesto e anárquico. Vestirse de merdeiro era un costume típico entre os mariñeiros da ribeira viguesa. O seu obxectivo era incomodar os labregos, refregandoos con restos de peixes podrecidos. O motivo da creación desta figura foi a xenreira existente entre mariñeiros e labregos.




Cacharelos de Lalín, Pontevedra

É un personaxe de nova creación, inspirado nun cadro de Laxeiro. Mentres corren, as chocas que levan na cintura provocan un estridente barullo, anunciando a súa chegada. E perseguen á xente para pegarlle co ramallo de toxos ou botarlle fariña cun fuele.



Entroido do Hío, Pontevedra

O Entroido do Hío é unha tradición moi antiga que ten lugar na parroquia canguesa de O Hío o domingo, luns e martes de Entroido. Os grandes protagonistas son os gaiteiros. Fanlles un palco en cada parroquia onde actúan. Un dos principais obxectivos que busca esta tradición é xuntar as sete aldeas da parroquia: Vilariño, O Igrexario, Pinténs, Vilanova, Liméns, Nerga e Donón, percorrendo cada aldea tocando e bailando. Cada aldea leva a un grupo de gaiteiros e ó final elíxese cal é o mellor.



♦ • ♦ 0 ritos de clausura ♦ • ♦

Nas vilas galegas faise unha cerimonia coa que se anuncia o fin do entroido, soe ser o mércores de cinza. Non se fai igual en toda Galicia, cada vila ten o seu ritual:


1. 0 Meco

- a figura dun porco con cara dun personaxe público como en Vigo ou Santiago
- un tronco de madeira coma o Meco das Teixugueiras.
- un boneco de trapo feito con roupa vella, palla, etc. como en Sande, Xinzo, que o expoñen desde o inicio do Entroido.
- O Policarpio de Samede, que tamén é un boneco, etc.




◆ • ◆ 2. Enterro da sardiña ◆ • ◆

Consiste nun desfile carnavalesco que parodia un cortexo fúnebre e culmina coa queima da sardiña. Tamén len ou cantan unha necrolóxica co repaso dos principais asuntos que estén de actualidade.




3. Enterro do Ravachol en Pontevedra

A queima simbólica, na praza da Herrería, do cadáver do loro, que cada ano aparece disfrazado cun motivo de actualidade diferente, e as súas honras fúnebres, incluída unha necrolóxica na que se fai repaso dos principais asuntos candentes da cidade, significan o final da festa.



4. O galo Fodorico, Poio

O Galo Fodorico é un dos maiores atractivos do Entroido de Poio desde fai 30 anos aproximadamente. Cada ano o disfrazan de algún tema de actualidade.



Outras actividades moi coñecidas do entroido galego:

DOMINGO FARELEIRO EN XINZO DE LIMIA

Domingo Fareleiro inaugura o Entroido cunha batalla campal de fariña. Utilizan sobre 1000kg. De fariña neste tradicional ritual. Trátase do primeiro dos tres rituais previos ao gran domingo de Entroido.

DOMINGO DE CORREDOIRO EN VERÍN

Na mañá do domingo concéntranse os cigarróns para facer pasarúas, o son de chocas alagará as rúas de Verín como é tradición.

LUNS DE BORRALLEIRO, A FARRAPADA EN LAZA

A farrapada realízase na mañá do luns, batalla na que se utilizan trapos manchados de barro coma se de armas se tratase. Divididos en dous bandos, a misión é que todos os participantes se ensucien nun acto que serve para quitar as penas do ano.

DOMINGO OLEIRO EN XINZO DE LIMIA

Nenos por un lado e adultos por outro acuden á praza Maior da vila para lanzar as ondas ata romper sobre 300 unidades.





LANZAMIENTO DE FORMIGAS EN LAZA

Durante a baixada da Morena, detrás baixa xente da vila con longas ramas de toxo coas que golpean aos espectadores, estes tamén levan sacos de terra mesturada con formigas en vinagre para que estén máis bravas e botarllas á xente ao chegar a praza da Picota.

PASARÚAS DE CARNAVAL

En moitas vilas galegas hai o día do pasarúas onde desfilan para concurso: carrozas, comparsas, grupos, parellas, etc. disfrazados de diferentes temáticas. Puxemos o título de CARNAVAL a propósito para diferenciar os rituais antigos do ENTROIDO GALEGO, dos carnavais urbanos con disfraces novos como piratas, superheroes, etc.

FESTIVAIS DE COMPARSAS E MURGAS

Hai vilas nas que os festivais de murgas e comparsas teñen unha longa tradición. As que se presentan a concurso esméranse moito na vestimenta, interpretación e crítica. As que non, céntranse máis na letra e na música. Despois do festival todas van tocar polo bares e rúas.



***Grazas
pola clase maxistral
e a revisión do caderno a***

Rafael Quintía

<https://rafaelquintia.es/>



**A
TU
RU
XA**



www.aturuxa.com



@aturuxa_galicia



@aturuxa



aturuxa@aturuxa.com



Neste caderno saen
debuxos para colorear.



Se entras neste enlace
poderás ver as imaxes
reais a cor de cada debuxo.

